Informe anual PAT-AENAE

Informe do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades específicas de Apoio Educativo da Escola de Enfermaría de Pontevedra

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN
2. ACTIVIDADES DO PAT-AENAE: 4 BLOQUES
   2.1. Actuacións de organización
   2.2 Actuacións de acollida
   2.3 Actuacións de apoio e seguimento
      a. Acción co profesorado e o alumnado titor
      b. Accións de carácter formativo extracurricular
   2.4. Actuacións de carácter formativo extracurricular: seminarios, obradoiros, charlas, ciclos de conferencias e cursos
3. RESULTADOS PAT-AENAE 2022-2023
4. PROPOSTAS PARA O PAT-AENAE 2023-2024
5. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN

Neste documento recóllense as diferentes actividades levadas a cabo durante o curso académico 2022-2023 no Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo da Escola de Enfermería de Pontevedra (PAT-ANEAE) do Grao en Enfermaría da Escola Universitaria de Enfermaría de Pontevedra, avaliándose as accións realizadas correspondentes aos 4 bloques nas que están clasificadas, avalíase o nivel de consecución dos obxectivos propostos e as dificultades atopadas para acadalos; preséntase a valoración global das accións realizadas nos catro cursos, e algunha propostas de cambio que se incorporará no curso 2023-2024.

No título de Grao en Enfermería o número de prazas de acceso é limitado o que pode dar lugar a non ter altos datos de participación, xa que é frecuente que os pequenos problemas cotiás ou as dúbidas que poida ter o alumnado sempre se solucionan directamente co/as coordinadores/as ou co profesorado titor, polo que non sempre se espera á convocatoria dunha reunión, e dicir que se ten un contacto próximo co estudantado podendo dar resposta a través de titorías individuais.

Neste curso académico 2022/2023 o PAT-ANEAE está implantado nos 4 cursos de grao mantendo o seu carácter de *voluntariedade* en canto a participación do alumnado e do profesorado que actúan como titores do PAT-ANEAE.

Seguise o deseño feito no PAT-ANEAE e aprobado pola Xunta de Centro para este curso o 13 de xullo de 2022 e leváronse a cabo diferentes accións programadas nas que se abordaron contidos e formatos de accións diferentes dependendo do curso.

De xeito xeral pódense definir os contidos de ditas actividades como de tipo informativo, orientador e formativo, aportando información de interese para o alumnado, facendo un seguimento da planificación da súa actividade académica e recibindo información acerca das inquedanzas, cuestións ou

queixas que o alumnado desexaron formular sobre o discorrer das actividades ao longo do curso.

A actividade titorial desenvolvida centrouse na realización de reunións de forma presencial, e cando a situación o requería a través da comunicación vía correo electrónico e mediante o Campus Remoto de Vigo.

O PAT-AENAE do grao en enfermaría inclúe a continuidade da acción titorial de cada persoa titora cun grupo definido de alumnado ao longo dos diferentes cursos comezando a súa titorización en primeiro curso e continuando co mesmo profesorado titora ao longo dos diferentes cursos, o que favorece a interacción entre alumnado-titor/a e a función de apoio, orientación e guía para o estudantado, facilitando unha maior participación e compromiso co proceso de aprendizaxe. Así mesmo, a persoa titora mantén aberta a posibilidade de encontros individuais con seus titorizados, sempre que o soliciten.

A través da coordinación do PAT-AENAE realizáronse funcións de seguimento do mesmo recollendo informes das reunións, resolvendo dúbidas e activando información continua de activades culturais, deportivas, de lecer que estaban dirixidas e pensadas para o estudantado da Universidade de Vigo nos distintos campus.

2. ACTIVIDADES REALIZADAS.

Encóntranse divididas en catro bloques de acción.

As actuacións planificadas do PAT-AENAE nos catro cursos do grao de enfermaría trataron de responder as diferentes necesidades do alumnado da titulación, no curso 2022-2023 tendo que ser algunha das actuación planificadas para ser desenvoltas durante o curso. Das actividades levadas a cabo o longo do curso corresponden ás actuacións clasificadas no Manual do PAT-AENAE para este curso, foron:

2.1. Actuacións de organización

Sesións informativas realizadas para presentarlle ao profesorado titor e coordinadores de curso os contidos e o desenvolvemento das actividades previstas no PAT-AENAE 2022-2023. Este tipo de accións leváronse a cabo coa coordinación do PAT-AENAE onde se informou ao principio de curso ao profesorado titor aportándolles a información necesaria. Esta actividade formativa sirve para unha análise das accións a promover así como a coordinación das necesidades detectadas a través das distintas titorías, así como establecer algunha proposta de cambio de cara ao vindeiro curso.

2.2 Actuacións de acollida

O equipo de dirección e a coordinación do PAT-AENAE o forman as persoas encargadas, o principio de curso, da realización de reunións con todo o alumnado, nas que se lle facilita información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (mostrar os espazos do centro, administrativos, web da escola, aportar toda aquela información de interese do alumnado e de apoio, visualizar aqueles links que facilitan información das as actividades que promove a Uvigo tales como deportivas , do medio natural, cultural, ciclos de cine promovidos polo campus Pontevedra, aluguer de bicicletas etc.), información do centro (aulas, talleres de simulación, sala de informática, biblioteca, secretaría de alumnado, dirección, normativas do centro, etc.), así como da *titulación* (plan de estudios, guías docentes, horarios, participación do alumnado na xestión del centro, etc.). Así mesmo ofrecéuselles información concreta sobre os aspectos organizativos do PAT-AENAE.

Como en anos anteriores, o estudantado que non chega a matricularse nos primeiros prazos e logo poida ter dificultades o incorporarse os grupos de traballo, de xeito especial nos grupos máis pequenos, nas distintas metodoloxías que se levan a cabo no centro, polo que o profesorado do primeiro semestre do primeiro curso, tendo en conta esta situación, se lle oferta as/os estudantes apoio nas titorías individuais para que logren a súa integración no aula no menor tempo posible, así como a aprendizaxe con profesorado que

fai os grupos segundo o nivel de coñecemento tal como é na materia de estatística de xeito que se poidan organizar grupos de apoio co estudantado que o precisen.

2.3. Actuacións de apoio e seguimento

a. Accións co profesorado e co alumnado titor

Trátanse de reunións que levou a cabo o profesorado-titor co grupo de alumnado que se asignou para a súa titorización, ben de forma individual ou ben de forma grupal tras mutuo acordo. Existindo unha primeira reunión no primeiro cuadrimestre co alumnado colaborador de primeiro curso na que se abordaron cuestións sobre o PAT-AENAE, importancia das titorías, a atención personalizada, a necesidade de información . Ao longo do curso fóronse analizando as necesidades que ían xurdindo, e prestando o apoio á titorización ao alumnado de cursos superiores o que permite a aportación das súas experiencias ao alumnado de primeiro curso e así se vaian incorporando como alumnado colaborador do profesorado titor.

b. Accións de carácter formativo extracurricular

Actividade académica.

As actividades de apoio a formación constitúen unha das accións centrais do PAT-AENAE. Ao final de cada reunión mantida co estudantado asignado a cada titora ou titor recollese a través das enquisas os aspectos principais tratados co alumnado e os problemas que eles expoñen. Esta información vai a ser trasladada a coordinación do PAT-AENAE co fin de facer un seguimento continuo de cada curso e recoller as distintas suxestións e indicacións aportadas polo estudantado así como dar resposta as cuestións planeadas. O alumnado, fora das reunións planificadas, poden solicitar axuda por diversos canles desde a titoría personalizada ,por vía correo electrónico ao profesorado titor cando sexa necesario e tamén a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Acciones de Orientación Profesional.

Esta actividade ten como destinatarios principais o estudantado de *terceiro* e *cuarto* de curso de grao neste caso de Enfermaría. Co fin de asesoralos ante as novas situacións as que deben enfrontarse unha vez finalizado o curso, organizáronse distintos obradoiros en colaboración co Sergas entidade maioritariamente empregadora sobre orientación laboral, estratexias de busca de emprego, competencias, saídas laborais, facilitándolles información específica sobre como facer para incorporarse ás lista de traballo do Sergas, ficha FIDES, presentación da oferta formativa de mestrados da área de ciencias da saúde, preparación e formación EIR, etc.

Atención a Diversidade.

Neste curso 2022-23 non se detectaron necesidades específicas de apoio educativo, titorización como apoio a situacións persoais que dificultaba a normalización académica para algunha alumna e alumno do centro sendo resoltas en titorías individuais en colaboración co profesorado titor para situacións especiais a través das accións do PAT-AENAE.

Atención a complementos formativos transversais

Neste curso 2022-23 levouse a cabo **unha formación** ao alumnado na atención ás mulleres en situación de violencia de xérnero e cómo detectar ditas situación; a labor das ONGs e experiencias de xestión de enfermería no ámbito social; e o uso de ferramentas para o mellor manexo de situación de estrés para desta manera promover hábitos para unha mente saudable entre o alumnado. Durante unha semana a escola realizou diferentes actividades de formación transversal con moi boa acollida por parte do alumnado asistindo máis do 90% do alumnado ao que ía dirixida.

Cronograma das actuacións de organización 2022-23			
Responsable	**Actividades**	**Contido**	**Data**
Coordinadora e profesora titora do PAT-AENAE	Presentación do PAT-AENAE	Designación de profesorado titor. Presentación do PAT. Calendario de actividades. Asignación alumnado e titor/a.	Setembro/ outubro de 2022
Director e Subdirectora. Coordinadora do PAT-AENAE	Acto de Benvida.	**A universidade** e os servizos administrativos **O Centro**: aulas, laboratorios, sala informática, biblioteca, secretaría, dirección. **A titulación**: plan de estudios, participación do estudantado, PAT-AENAE, enquisas, prácticas externas, etc.	5 de setembro de 2022
Subdirectora e coordinadora do PAT-AENAE	Sesión informativa de acollida	**Información sobre os servizos** o alumnado, deportes, bolsas, etc.), **Organización do curso**: semestres, materias, etc. horarios, guías docentes, enquisas de avaliación. **Información PAT. programas de mobilidade**.	5 de setembro de 2022
Coordinación de PAT-AENAE e profesorado titor do PAT-AENAE	Sesión de seguimento	Seguimento da actividade titorial Intercambio de ideas sobre aspectos e suxestións do PAT.	Ao longo de marzo
Coordinación e profesorado titor do PAT-AENAE	Seguimento do PAT-AENAE	Recollida de evidencias. Asesoramento e apoio Información e achega de novas da área de Igualdade , da área de Benestar, Saúde e Deporte tanto para o alumnado como para o profesorado titor. Seguimento das actividades do PAT. Resolver demandas de información.	Todo o curso
Coordinación e profesorado titor do PAT-AENAE	Análise final do PAT-AENAE	Elaboración da memoria final.	Final de curso

Cronograma das actuacións de acollida 2021-22	
Acto de benvida	5-09 de 2022
Acto de presentación do PAT para todo o alumnado	5-09 de 2022
Acto presentación do curso a 2º, 3º	16-09 de 2022
Acto de presentación do curso e o TFG a 4º	septiembre de 2022
Acto de benvida e presentación do PAT-AENAE ao alumnado incorporado co curso xa iniciado	A lo largo de octubro y novembro (campus virtual)
Formación ao estudantado colaborador	7-10 de 2022
Información o estudantado colaborador previa a 1ª reunión do PAT-AENAE	7-10 de 2022
Charla informativa ao alumnado de 3º curso formación en Posgrao e preparación EIR.	A lo largo del 2º cuatrimestre
Charla informativa ao alumnado de 4º curso formación en Posgrao e preparación EIR.	A lo largo del 2º cuatrimestre
Recollida de información das actuacións feitas desde o PAT-AENAE	Ao longo do curso
Outras accións que xurdan da avaliación continua.	Ao longo do curso

Cronograma das actuacións de caracter formativo 2022-23			
En 1º,2º,3º,4º	Xornada	**Relación entre sexo, género e as enfermidades.**	13 de diciembre
En 1º, 2º, 3º, 4º	Charla	**Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)**	10 de novembro
En 1º, 2º, 3º, 4º	Semana exposición	**Exposición itinerante sobre Elvira López Mourín**	14 novembro, inicio de acto académico
En 1º	Seminario	**Seminario contra a Violencia de género**	16 y 21 de noviembre
En 3º y 4º	Charla	**Información sobre ofertas de empleo. Traballar na UE, paises nórdicos, Holanda.**	8 de febrero
En 2º y 4º	Charla	**Enfermería comunitaria, mediación intercultural e ONG**	24 de abril
En 1º Jornada para promover la adaptación del alumnado de 1º a la nueva vida unicersitaria	Jornada	**Taller 1 (cuerpo), taller 2 (mente) y taller 3 (entorno). Hábitos para una mente saludable**	15/11/22 22/11/22 29/11/22
En 3º,4º curso	Charla	**Tratamiento de heridas**	27 de abril
En 3º y 4º	Xornada Online	**Xornada de Orientación universitaria**	Febrero
En 3º	Charla	**Orientación profesional. Saídas Laborais. FIDES.**	10 de mayo
En 4º	Charla	**Orientación profesional. Saídas Laborais. FIDES.**	10 de mayo
En 1º, 2º, 3º, 4º	Actividad	**A Nosa Voz, O Nosos Espazo, Os Nosos Dereitos**	7 y 8 Marzo
En 4º	Charla	**Enfermería militar**	27 abril
En 4º	Reunión	**Reunión con el director de Enfermería sobre Oferta Laboral en el SERGAS**	27 de abril

PROFESORADO COLABORADOR		
NOME	FUNCIÓN	CORREO
Inés Blanco Nieves	Titora 3º	Ines.blnc@gmail.com
José Luis Buceta Hazas	Titor 2º y 3º	josebucetahazas@gmail.com
Irene Garay Martínez	Titora 2º e 4º	irene.garay@gmail.com
Myriam Santos Folgar	Titora 2º e 3º	m.santos.folgar@gmail.com
Mª Teresa Hermo González	Titora 1º e 4º	enfermeriamayte@gmail.com
Felipe Fernández Méndez	Titor 1º e 4º	fernandez.mendez.felipe@gmail.com
Dolores Rodríguez García	Titora 1º y 2º	Lolirodgar@hotmail.com
Julio Diz Arén	Titor 3 º	Julio.diz.aren@sergas.es
Pilar Piñón Esteban	Titora 2º	Pilarpesteban@gmail.com
Claudia Gonzalez López	Titora 1º y 4º	claudia.eu.enfermeria@gmail.com
Martín Otero Agra	Titor 2º y 3º	martinoteroagra@gmail.com
María Paz Diéguez Montes	Titora.Situacións específicas	pazenfermeria@gmail.com

3.RESULTADOS PAT CURSO 2022-2023.

Ao longo do curso académico de 2022-2023, leváronse a cabo numerosas actividades do PAT-AENAE así como reunións do profesorado titor co alumnado.

Levaronse a cabo duas reunións por parte do profesorado titor co alumnado asignado en cada un dos cursos para a súa titorización do PAT-AENAE ao longo do curso.

A participación do alumnado na primeira reunión foi dun 34% no 1º curso, dun 26% no 2º curso, dun 14% no terceiro curso e dun 16% no 4º curso e na segunda reunión foi dun 32% no 1º curso, dun 24% no segundo curso, no

terceiro dun 16% e dun 14% no 4º curso. A modo de resumen xeral especifícanse os diferentes contidos tratados nas reunións do PAT-AENAE co alumnado de enfermaría son os seguintes.

Na primeira reunión do PAT-AENAE:

-Facilitouse información do cronograma das actividades planificadas para este curso académico 2022-2023, así como dos recursos dos que dispoñen, así mesmo nesta primeira reunión recolleuse información a través do anexo II (ficha inicial de detección de necesidades) tal como figura no DO-0203 P1 anexo 1 do 25/03/2020 do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

-Achegouse información sobre a páxina web da Escola e dos apartados específicos para o estudantado que son para o alumnado e serven para dar resposta as súas, onde poder consultar todo o relacionado co ámbito académico, actividades culturais, área de benestar, saúde e deporte da Uvigo no Campus de Pontevedra así como información do DUVI do Campus de Pontevedra.

-Facilitouse información sobre o programa de voluntariado existente no Campus de Pontevedra da Uvigo.

-Achegouse información das diferentes actividades deportivas existentes no curso 2022-23 da Uvigo e concretamente no Campus de Pontevedra. Información do abono muver dálle acceso ás salas cardio-fitness, múltiples actividades dirixidas, acceso ás pistas de tenis, atletismo, así como descontos nas nas Escolas Deportivas e nas actividades no medio natural. Neste senso informan de que hai alumnado que forma parte do equipo de voleibol do campus de Pontevedra así como a información de outras estudantes que participan en deportes olímpicos tales como: vela, taekwondo, etc.

-Facilitouse información do programa de mobilidade. Se lle indica que dentro das accións planificadas neste curso no PAT-AENAE está a acción formativa de mobilidade.

-Trasladouse información-formación ao alumnado colaborador de primeiro de grao, na que se abordan aquelas cuestións que indican que lle plántea máis dificultade na nova andadura universitaria así como expresar cales consideran

que son aspectos máis positivos tales como: estudar algo que lles motiva, maior liberdade, novas amizades, etc.

-A través da área de deporte infórmase o alumnado sobre a existencia da "Semana da Muller no deporte da Uvigo", co fin de lograr a súa participación e que coñezan a ampla oferta deportiva con actividades como chan pelviano, ioga e defensa persoal de acceso gratuíto.

-Informouse da existencia da Unidade de Igualdade na Uvigo así como das publicacións mensuais de cursos, obradoiros, xornadas de Igualdade, da existencia dunha persoa na escola que desenvolve o papel de *enlace* da Unidade de Igualdade na Escola de Enfermaría, así como os recursos de xénero, actividades propias e investigación en xénero.

Unha vez recollidas nesa primeira reunión as necesidades detectadas no cuestionario do PAT-AENAE anexo II detectáronse problemas de ansiedade que poden xerar dificultades no rendemento académico polo que se organizou un obradoiro onde o alumnado interesado puido asistir.A través das reunións grupais do PAT-AENAE tamén solicítanse propostas das actividades para a programación do vindeiro curso 2023-2024 tanto de cursos, seminarios, xornadas, así como a necesidade de que participen propoñendo novas actividades.

Ao longo do todo o curso 2022-23 dende o PAT-AENAE:

-Facilitáselle información sobre todo alumnado de 3º e 4º curso sobre a formación EIR e as súas especialidades. Se lles da resposta a través do PAT-AENAE cunha xornada sobre orientación e información académica e saídas profesionais.

-Contamos co alumnado de cursos superiores para orientar e asesorar o alumnado dos primeiros cursos e de como afrontar a posible falta de tempo pola carga lectiva e de prácticas o cal é de gran axuda para o desenvolvimento do PAT-AENAE.

-Mantemos unha información permanente vía online sobre todas as novas que se achegan como tipo becas de xuventude, axudas para o estudantado tales como redactar os TFG en galego, etc de tal forma que dispoñan da máxima información posible ao longo do curso..

4.-PROPOSTAS PARA O PAT 2023-2024

-Continuar divulgando a información sobre o PAT-AENAE e destacar as súas posibilidades como ferramenta de participación do alumnado así como a incorporación de novo alumnado e valorar a súa importancia como parte dinamizadora-colaboradora do PAT-AENAE e sobre todo do alumnado de cursos superiores.

-Estudiar a posibilidade de incorporar novas accións no PAT-AENAE que vaian na liña de respostar as suxerencias recollidas no Anexo IV_A do Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado.

-Tratar de lograr unha maior participación do estudantado nas actividades programadas a través do PAT-AENAE así como nas súas achegas, aínda que é certo, a participación en todas as charlas, obradoiros e xornadas foi superior ao 85% en todas elas.

-Potenciar no estudantado o PAT-AENAE para que a perciban como un instrumento de axuda nas diferentes situacións persoais que poden presentar algunha dificultade no seu normal desenvolvemento da actividade académica, así como o ser o espazo no que se pode detectar problemas que afectan o alumnado e desde onde se poden promover vías de solución.

-Incrementar as achegas informativas de todo o que está relacionado co ámbito académico Becas axudas, actividades culturais, deportivas, de ocio, etc.

-Ampliar a información e compromiso co profesorado titor nas tarefas de titoría e orientación así como na súa recollida de necesidades das distintas reunións levadas a cabo co estudantado desde o PAT-AENAE.

-Potenciar a comunicación da coordinadora do PAT-AENAE a través do Campus Remoto Vigo cos profesores titores e cos alumnos colaboradores; asi como dos profesores titores co alumnado.

-Programar a priori as reunións do PAT-AENAE así como as charlas, obradoiros, xornadas de forma presencial tendo presente un plan se fose nacesario para realizalo semipresencial e en liña a través do Campus Remoto.

5.-Anexos

Anexo I

PAT ANEAE: relación de alumnado e titores/as asignados			
Centro		**Ano académico**	**20___/___**
Titor/a:			
Alumnado asignado			
Nome	**Apelidos**	**Titulación**	**Curso**
Titor/a:			
Alumnado asignado			
Nome	**Apelidos**	**Titulación**	**Curso**

Anexo II

Esta ficha pode ser empregada polos/as titores/as que o consideren preciso, como mecanismo para dispoñer dunha información ampla do alumnado que titoriza.

En todo caso, cubrir a ficha é unha acción voluntaria por parte do alumnado que deberá asinar o seu consentimento para empregar a información aportada na mesma de forma exclusiva polo/a titor/a e unicamente no ámbito da titoría. Non poderá polo tanto facerse pública mediante ningunha canle.

A confidencialidade dos datos garantirase sempre de acordo ao establecido na Lei de Protección de datos Lei 3/2018 de 5 de diciembre.

Unha vez finalizada a relación titor-alumnado, as fichas deberán ser destruídas de modo seguro e confidencial (exemplo destrutora de papel).

PAT-ANEAE: Ficha inicial de detección de necesidades **(O alumnado débea cubrir voluntariamente)**			
Centro		**Ano académico**	**20___/___**
DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A			
Apelidos e nome			
Curso e titulación			
Teléfono/enderezo electrónico			
Lugar de nacemento			
Data de nacemento			
Alumnado PIUNE	**Si**	**Non**	

Datos a ter en conta do alumnado con necesidades especiais de educación (UNATEN)	
Domicilio	
Motivación para elixir a titulación	
Actividades do seu interese	
CONTEXTO DE ESTUDO E TRABALLO	
Tipo de residencia (familiar, piso de estudante, residencia, piso propio etc.)	
Forma de sufragar os gastos (axuda familiar, bolsa, traballo etc.)	
Posibilidades de asistencia á clase	
Tempo potencial para o estudo diario	
Forma de tratar o estudo diario (organización en grupo ou individual, como resolve dúbidas etc.)	
Considera importante acudir ás titorías das materias? Emprégaas?	
TRAXECTORIA ACADÉMICA	
Estudos realizados para acceder a esta titulación	

Outros estudos ou formación complementaria	
Gustaríalle ampliar a súa formación? En que temas está interesado/a?	

(……..Nome e Apelidos do alumno/a), autorizo a meu titor/a a empregar esta información de forma exclusiva no ámbito da titoría e a fin de cumprir estritamente cos obxectivos descritos no Plan de acción titorial.

Data **Sinatura do/a**
Alumno/a

Anexo III

PAT-ANEAE Ficha de seguimento de titorías			
Centro		**Ano académico: 20___/20___**	
Curso e titulación			
Data e hora			
Tipo de titoría	**En grupo** **Grupo:_____**	**Individual**	
Apelidos e nome(s) do(s) estudante(s)			
Tipo de reunión	**Inicial**	**De seguimento**	**Outra**
Motivo da reunión			
Temas formulados			

Desenvolvemento **(Observacións)**	
Acordos e compromisos	

Anexo IV-A

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

Cuestionario final de satisfacción do alumnado

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT-ANEAE:

Insuficiente	
Suficiente	

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT-ANEAE:

Moi mala	
Mala	
Boa	
Moi boa	

3 En que grao o desenvolvemento do PAT.ANEAE respondeu ás súas expectativas?

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

4 Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	

6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	
Non	

10 Que eliminaría do PAT?

11 Que engadiría?

Anexo IV-B

Grazas pola súa colaboración!

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

Cuestionario final de satisfacción do titor/a

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT-ANEAE (equipo directivo/outro):

Insuficiente	
Suficiente	

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT-NEAE:

Moi mala	
Mala	
Boa	
Moi boa	

4 Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT-ANEAE:

Ningunha	
Pouca	
Bastante	
Moita	

5 Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	

6 Valore o grao de utilidade do PAT-ANEAE de acordo coas experiencias co estudantado:

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

7 Considera axeitada a metodoloxía empregada?

Si	
Non	

8 Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

Si	
Non	

9 Que eliminaría do PAT?

10 Que engadiría?

Anexo V

Grazas pola súa colaboración!

SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO DE ESPECIAL RELEVANCIA NO MARCO DO PAT-ANEAE

Área de Emprego e Emprendemento

A Área de Emprego e Emprendemento é unha unidade de xestión que ten como obxectivo fundamental facilitar, en colaboración con administracións, empresas e outras institucións, o acceso ao mercado laboral das persoas tituladas na Universidade de Vigo.

Funcións	• Facilitar información, asesoramento e formación, preferentemente individualizados, no ámbito da orientación profesional e a inserción laboral. • Xestionar, en coordinación cos centros, empresas e demais axentes implicados, as prácticas externas do estudantado. • Elaborar e xestionar ofertas de emprego asumindo labores de intermediación entre os axentes empregadores e as persoas tituladas. • Establecer relacións de cooperación con outras unidades universitarias e especialmente con outras administracións, empresas e institucións. • Realizar estudos, informes, estatísticas e análises a pedimento dos superiores. • Coordinar as actividades das diferentes unidades administrativas nas materias da súa competencia. • Actuar con criterios de colaboración e asistencia con outras administracións e entidades relacionadas coa universidade.

Sepa máis	https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emprego-emprendemento

FUVI (Fundación Universidade de Vigo)

Entidade sen ánimo de lucro creada no 1997 pola Universidade de Vigo para impulsar actuacións no ámbito do emprego, do emprendemento e da formación. Busca que o alumnado dispoña dunha maior conexión co contexto socio-económico para procurarlle un futuro mellor.

Funcións	**A principais liñas de actuación da Fundación son as seguintes:** **a) Emprego e emprendemento** • Xestión das prácticas académicas extracurriculares do alumnado da Universidade de Vigo en entidades privadas e públicas, apoiando deste xeito a práctica profesional do estudantado e a súa inserción laboral. • No ámbito do emprendemento préstase apoio e asesoramento na realización de plans de empresa, na posta en marcha dos proxectos e realízanse os informes técnicos para a tramitación do programa da Xunta de Galicia de Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBTs). **b) Formación complementaria** • Linguas. No Centro de Linguas (CdL) impártense clases de máis de 10 idiomas, prepáranse e realízanse exames de acreditación oficial de linguas, e impártese formación especializada e a medida. • Emprego e emprendemento. A FUVI realiza seminarios de formación de técnicas de busca de emprego, competencias transversais e de emprendemento, co obxectivo de apoiar a inserción laboral do estudantado e a posta en marcha de iniciativas empresariais. **c) Difusión e promoción de actividades** • Diario da Universidade de Vigo (DUVI), que ten como obxectivo principal achegar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral as actuacións e actividades máis relevantes da Universidade de Vigo como administración pública ao servizo da cidadanía.
Sepa máis	https://webfundacion.webs.uvigo.es/a-fundacion/presentacion/

ORI (Oficina de Relacións Internacionais)

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) centraliza, coordina e xestiona as actividades de cooperación internacional no seo da Universidade de Vigo.	
Funcións	• Informa e asesora a comunidade universitaria sobre os diferentes programas internacionais no ámbito da educación superior. • Fomenta e xestiona a mobilidade de alumnado e profesorado propios e estranxeiros, en especial no marco dos programas Erasmus+, ISEP, Bolsas MAE e programas de cooperación da Universidade de Vigo. • Con respecto aos estudantes da Universidade de Vigo proporciona asesoramento aos candidatos/as seleccionados Nestes programas sobre a documentación que deben presentar, e información sobre a contía das bolsas e posibles axudas complementarias, así como, sobre as xestións que teñen que realizar coas universidades de destino. • Con respecto ao profesorado da Universidade de Vigo, a ORI facilita información sobre os programas de intercambio de docencia e programas de cooperación internacional. • Con respecto ao alumnado estranxeiro, xestiona a aceptación dos que participan nun programa de intercambio, elabora a Guía do estudante estranxeiro e envía os paquetes informativos sobre a Universidade de Vigo, con información sobre os diferentes campus e cidades, recepción, visados, viaxe, busca de aloxamento, matrícula e posibilidades de estudos, en colaboración cos responsables de relacións internacionais. • Elabora e negocia acordos de cooperación internacional. • Asegura a presenza da Universidade de Vigo en foros e encontros de educación internacionais.
Sepa máis	https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/oficina-relacions-internacionais

Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos ten como misión a información, xestión, tramitación e resolución das bolsas e axudas ao estudo destinadas ao alumnado da Universidade de Vigo, e en concreto das convocatorias xerais do MECD, e as propias da universidade, así como das bolsas de formación convocadas pola Universidade de Vigo. Ademais, encárgase da información e da tramitación dos procedementos de xestión de prezos públicos relativos á vida académica dos e das estudantes.

Funcións	• Tramitación das reclamacións e impugnacións e elaboración das propostas de resolución en materia de bolsas e axudas ao estudo, e prezos públicos. • Apoio ao sistema de garantía da calidade nos centros, singularmente nos procesos de verificación, seguimento e acreditación das titulacións oficiais dos centros. • Elaboración de estudos e informes. • Redacción das convocatorias de bolsas e axudas propias da Universidade de Vigo. • Xestión dos procedementos de bolsas e axudas propias da Universidade de Vigo. • Difusión e xestión das bolsas e axudas ao estudo convocadas por outros organismos dirixidas ao alumnado da UVigo, e en concreto as do MECD. • Redacción das propostas de normas e dos criterios de aplicación relacionados con bolsas e axudas, e resolución das incidencias. • Xestión da vida administrativa das persoas bolseiras e actualización dos seus expedientes. • Xestión dos procedementos relativos aos prezos públicos. • Redacción das propostas de normas e dos criterios de aplicación relacionados con prezos públicos, e resolución das incidencias

Sepa máis	https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-axudas-ao-estudo-bolsas-prezos-publicos

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria

O Servizo de Xestión da Extensión Universitaria encárgase de xestionar e promocionar entre a súa comunidade determinada formación extracurricular e actividades relacionadas coa cultura, co benestar, coa participación e coa diversidade así como intentar involucrar a esa mesma comunidade en proxectar á sociedade en xeral todo o seu coñecemento.

Funcións

- Compilar, elaborar e difundir a información sobre a Universidade de Vigo relevante para os futuros alumnos.
- Coordinar e prestar apoio á xestión do acceso e admisión a estudos de grao.
- Programar, organizar e executar campañas informativas e especificas de captación de alumnos.
- Organizar, promover e difundir a realización de actividades culturais, de benestar físico e de proxección social.
- Organizar e tramitar a oferta de cursos, obradoiros e outros eventos de extensión universitaria, prestando apoio á súa xestión.
- Organizar e supervisar o uso, mantemento e cesión dos espazos de uso cultural e deportivo da universidade.
- Organizar e xestionar á orientación académica e psicopedagóxica, con especial atención ao alumnado con necesidades de apoio educativo específicas.

Funcións	• Xestionar os programas para Maiores. • Elaborar, promover e xestionar a realización de actividades de voluntariado e solidariedade. • Xestionar e manter actualizado o rexistro das asociacións universitarias. • Organizar o acceso ás residencias universitarias. • Elaborar estudos e informes. Colaborar e prestar apoio ao sistema de garantía da calidade nos centros. • Establecer criterios e coordinar as actividades das diferentes unidades administrativas nas materias da súa competencia. • Actuar con criterios de colaboración e asistencia con outras administracións e entidades relacionadas coa universidade.
Sepa máis	**Xeral:** https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-extension-universitaria **Deportes:** https://www.uvigo.gal/campus/deporte **Saúde e benestar:** https://www.uvigo.gal/campus/saude-benestar **Voluntariado e cooperación:** https://www.uvigo.gal/campus/voluntariado-cooperacion

Unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo -UNATEN	
A Unaten é unha unidade que se dedica á organización, xestión e control dos recursos, da información e das actividades de asistencia ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo.	
Funcións	• Asesorar e informar dos recursos dos que dispón a Universidade de Vigo en materia de atención á diversidade e da forma de acceder a estes. • Elaborar e manter actualizado o censo de estudantes con necesidades educativas de apoio educativo. • Informar e asesorar o profesorado e o persoal dos servizos implicados con este colectivo. • Propoñer acordos de colaboración con outras institucións que faciliten o desenvolvemento de actuacións conxuntas de atención a este colectivo. • Sensibilizar a comunidade universitaria sobre a situación deste colectivo e garantir o seu acceso á información e á comunicación dentro da Universidade de Vigo.
Sepa máis	https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade

Centro de linguas

Tras estes 10 anos de experiencia, o CdL é hoxe un referente no ensino de linguas e na acreditación de nivel de idioma, estando certificados polas entidades de acreditación máis recoñecidas (Instituto Cervantes, ACLES, TOEFL, etc).

Unha das principais liñas de actividade do Centro é a formación específica en linguas da comunidade universitaria, con obxecto de contribuír á calidade na docencia e investigación e á internacionalización da Universidade de Vigo.